



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Anuncio da relación de persoas candidatas para a praza de auxiliar administrativo/a, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e incluída na convocatoria financiada pola Xunta de Galicia ao abeiro do programa TR350E

ANUNCIO

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 805/2026 DE 14 de setembro, adoptáronse os seguintes acordos:

“Por Resolución desta Alcaldía núm. 746/2026 de 25 de agosto, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso de selección para a contratación temporal a tempo completo dun/dunha auxiliar administrativo/a inscrito/a no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, financiado pola Xunta de Galicia dentro do programa TR350E.

Segundo o previsto nas bases que rexen o proceso selectivo, presentouse oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e, unha vez recibida a relación de persoas candidatas,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a relación de persoas candidatas remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG):

Nome e Apelidos
CAAMAÑO LARIÑO SABELA
MACEIRAS FIGUEIRAS ISAAC

Segundo. Determinar a composición nominativa do Tribunal calificador que é a seguinte:

Presidencia:

Enrique Carou Peón; suplente, Francisco José Cernadas Lago

Secretaría: José Manuel Mayo Priegue; suplente, Ismael Penela Castro

Vogal: Graciela Castro Alvela, suplente, Maria Trinidad Caamaño Fernández

Terceiro. Establecer a reunión para a constitución do Tribunal cualificador o día 17 de setembro de 2026 ás 9.00 h na casa do Concello.

Cuarto. Convocar por SMS ou teléfono ás persoas aspirantes á realización do primeiro e segundo exercicio do proceso selectivo o luns día 21 de setembro de 2026 ás 10.00h no salón de plenos do Concello de Muros.”

Muros, na data da sinatura dixital

A Acaldesa

María Lago Lestón